Resolución de 27/04/2020 da Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación de desistencia do procedemento de selección de proxectos de coñecemento de cooperación ao desenvolvemento convocados por resolución de 19 de febreiro de 2020.

Por Resolución de 19 de febreiro de 2020, da Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, foi publicada a IX CONVOCATORIA PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (PCC) PARA PDI E PAS da Universidade da Coruña.

Como consecuencia da suspensión dos prazos e termos administrativos establecida na Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, polo que se declara o estado de alarma como consecuencia da crise sanitaria provocada polo COVID-19, o prazo para a presentación de solicitudes que remataba o día 18 de marzo de 2020 segue aberto e, en consecuencia, non se ditou resolución ningunha que poña fin ao procedemento.

A situación provocada pola pandemia do COVID-19 fai imposible prever se no prazo fixado na convocatoria para a execución dos proxectos as persoas beneficiarias van poder desprazarse aos países de destino e, caso de facelo, se van poder desenvolver o proxecto de cooperación.

Así pois, elementares razóns de prudencia aconsellan, de conformidade co previsto no artigo 93 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, DESISTIR do procedemento de selección de proxectos de coñecemento de cooperación ao desenvolvemento convocados por resolución de 19 de febreiro de 2020

Pilar García de la Torre
Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: PF43J7S26PVKJQFTRSANJDLF
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 27/04/2020 14:05:49 Página 1 de un total de 1 página(s).